

AREA LINGUA CASTELÁ

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

ESTÁNDARES	MÍNIMOS ESIXIBLES
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR	
LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....	Comprende a información básica de textos orais de uso habitual e extrae as ideas principais.
LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	Identifica o significado das palabras polo contexto en que se sitúan.
LCB1.6.3. Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	Comprende o sentido global dun texto procedente dos medios de comunicación.
LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.	Iniciase con ayuda na búsqueda de información nos medios audiovisuais e dixitais.
LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe	Utiliza a información recollida en distintas actividades de aprendizaxe.
LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	Escoita e pregunta para comprender a linguaxe oral nas conversas.
LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: – Diálogos – Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	Participa en breves exposicións orais en situacións de diálogo, narracións... con certa coherencia.
LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes.	Utiliza correctamente os recursos verbais e non verbais para expresarse.
LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.	Exprésase correctamente de forma oral, coa entoación e dicción adecuadas.
LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	Emprega un vocabulario axeitado nas súas conversas en distintos contextos comunicativos.
LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.	Sabe responder e realizar preguntas sinxelas nunha conversa.
LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.	Fai un discurso oral coherente para a súa idade con nexos básicos.
LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.	Elabora textos sinxelos seguindo modelos, adecuados ao seu nivel.
LCB1.6.2. Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.	Elabora noticias sinxelas de feitos cotiás.
LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	Reproduce textos sinxelos e breves segundo os seus gustos e intereses.
LCB1.7.2. Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios.	Interpreta personaxes memorizando e representando o máis definitorio deles.
LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.	Participa en conversas e exposicións aplicando as normas sociocomunicativas básicas.
LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.	Amosa interese por expresarse de forma correcta e clara na linguaxe oral.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER	
LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.	Comprende as ideas relevantes de textos dos medios de comunicación-
LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto.	Localiza as palabras clave dun texto.
LCB2.3.2. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	Selecciona, con guía, coñecementos previos para entender un texto.
LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.	Resume coas ideas principais textos diversos.
LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	Diferenza entre texto narrativo, descritivo e expositivo.
LCB2.3.5. Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado.	Utiliza o dicionario de forma autónoma para dúbidas no vocabulario.
LCB2.3.3. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes.	Interpreta e comprende de forma global o contido de sinxelos gráficos e ilustracións .
LCB2.7.2. Formula hipótese, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.	Realiza hipótesis sobre a finalidade de distintos textos adaptados a súa idade.
LCB2.3.4. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	Compara a información das ilustracións coas do texto

LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.	Identifica o argumento de lecturas realizadas.
LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información	Emprega os programas de procesamento de textos para búsqueda de información.
LCB2.2.3. Elabora glosarios coas novas palabras.	Define, formando listas, novas palabras.
LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	Le sen dificultade de forma oral distintos textos axeitados a súa idade.
LCB2.1.2. Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.	Le en silencio textos adaptados a súa experiencia.
LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro como medio de disfrute da lectura e recollida de información.
LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	Interésase polo cuidado, conservación e organización dos seus libros e os da biblioteca de centro.
LCB2.4.1. Dedicar momentos de lecer para a lectura voluntaria.	Adica tempos de lecer para a lectura voluntaria no cole e na casa.
LCB2.4.2. Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias.	Elixe de forma guiada textos adaptados a seu nivel para a súa lectura en función dos seus gustos.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR	
LCB3.3.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	Elabora un texto, de forma guiada, seleccionando e estruturando a información.
LCB3.3.2. Utiliza, con axuda e para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito.	Utiliza borradores para realizar textos sinxelos.
LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.	Emprega as normas ortográficas e gramaticais propias do nivel.
LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....	Realiza diferentes tipos de textos, de forma guiada, propios da vida cotiá.
LCB3.7.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.	Elabora textos escritos establecidos para o seu nivel.
LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes, en diferentes soportes (papel e dixital), de carácter redundante co contido: carteis publicitarios, anuncios e cómics.	Realiza textos escritos e inclúe ilustracións diversos.
LCB3.6.1. Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.	Iniciase con axuda no uso das TICs para escribir e presentar textos.
LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de experiencias realizadas.	Realiza gráficos sinxelos.
LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	Mantén nos seus traballos una caligrafía clara e limpa.
LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	Amosa gusto polo que escribe el e os seus compañeiros.
LCB3.5.1. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas	Escribe sen utilizar linguaxe sexista e discriminatoria.
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA	
LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos.	Distingue e utiliza correctamente os tempos verbais presente, pasado e futuro.
LCB4.3.1. Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos escritos sinxelos	Recoñece e clasifica os nomes propios e comúns.
LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.	Recoñece os adxetivos e determinantes en textos.
LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.	Utiliza as normas de concordancia de xénero e número de forma correcta.
LCB4.3.3. Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas.	Emprega, con axuda, as regras de acentuación das sílabas tónicas.
LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas.	Utiliza as normas ortográficas básicas [maiúsculas, m antes de p e b, r/rr, gu, z/c] correctamente.
LCB4.3.4. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.	Emprega de forma xeral os signos de puntuación estudiados.
LCB4.3.5. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	Estructura os enunciados coa forma: suxeito, verbo, complementos.
LCB4.2.3. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.	Distingue na oración o suxeito e predicado.
LCB4.4.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais	Emprega de xeito guiado o dicionario dixital.
LCB4.2.2. Utiliza, segundo modelo, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.	Emprega prefixos e sufixos e forma palabras derivadas.
LCB4.1.3. Diferencia familias de palabras	Forma familia de palabras.

LCB4.2.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita	Distingue entre antónimos, sinónimos, ditos e frases feitas e emprégasnas súas produción.
LCB4.5.1. Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma.	Valora e respecta a lingua galega.
LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	Identifica diferenzas e similitudes morfolóxicas, ortográficas,... entre as linguas que coñece.
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA	
LCB4.5.1. Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma.	Valora a diversidade lingüística galega.
LCB5.2.1. Realiza, de xeito guiado, lecturas comentadas de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	Le e comenta, de forma guiada, textos literarios infantís.
LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Distingue e amosa gusto polos poemas, cancións, adiviñas, contos e refráns.
LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	Produce, con modelos ou a partires de pautas, sinxelos contos, poemas, historias... para comunicarse e expresa r sentimentos.
LCB5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios breves e sinxelos, axeitados á súa idade.	Dramatiza de forma individual ou en grupo breves textos literarios propios da súa idade.
LCB.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	Valora a literatura para comunicarse e goce personal.
LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	Intúe con o sen axuda a linguaxe figurada en textos literarios sinxelos [personificacións].
LCB5.5.1. Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou cancións.	Memoriza e reproduce conto, poemas, cancións moi sinxelos adecuados á súa idade.